



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1065/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27 DE AGOSTO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión extraordinaria e urxente do 18 de agosto e ordinaria e extraordinaria e urxente do 20 de agosto de 2021.

#### CONTRATACIÓN

- 2.- Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade das actuacións incluídas no I Festival Internacional de Música Clásica e Jazz na Praza de Compostela, dentro do Programa "Vigo en Festas 2021". Expte. 8844/335.

#### DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 3.- Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral (1). Expte. 2814/500
- 4.- Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de baleirado de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de vertidos non canalizados na EDAR (20). Expte. 2821/500.
- 5.- Proxecto de Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Medio Ambiente e Vida Saudable (18). Expte. 2820/500.

#### EDUCACIÓN

- 6.- Primeiro pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos consellos escolares dos centros de ensino público, no período xaneiro a xullo de 2021. Expte. 25336/332.

#### EMPREGO

- 7.- Proxecto de convenio coa Unión Comarcal CIG de Vigo para colaborar no marco do fomento do emprego para desenvolvemento do Programa Servizo de Atención Cidadá, Servizo Técnico de Igualdade e Xornadas Formativas 2021. Expte. 18207/77.
- 8.- Modificación do convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolvemento da Feira Internacional das Tecnoloxías do metal (MINDTECH-2021). Expte. 18223/77.

### FESTAS

- 9.- Subvención nominativa a favor da sociedade “ULISESPROYECT eventos especiais” para o desenvolvemento da XX Edición do Festival “O Marisquiño”. Expte. 8749/335.

### MONTES, PARQUES E XARDÍNS

- 10.- Expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, do contrato de subministro para a adquisición de produtos de limpeza e droguería. Expte. 48644/446.

### PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 11.- Aceptar a subvención concedida para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme a resolución da directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia. Expte. 10071/320.

### RECURSOS HUMANOS

- 12.- Plan de Formación do Persoal Municipal para o ano 2021. Expte. 37052/220.

### TURISMO

- 13.- Transferencia de financiamento mediante convenio de colaboración coa Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2021. Expte. 7962/104.
- 14.- Rogos e preguntas.

## **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **27 de AGOSTO de 2021, ás 10,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



## **Concello de Vigo**

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1065/1102

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez